

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (ás 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números E1 e E110, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 150 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Unha correcta valoración xeriátrica integral terá que incluír a valoración da esfera cognitiva. Respecto desta última, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Unha puntuación nun test de screening por debaixo do punto de corte é sinónimo de demencia.
- B) Unha disfunción executiva leve podería formar parte dun envellecemento fisiolóxico.
- C) As praxias non forman parte dos déficits asociados ao envellecemento normal.
- D) O Mini-Mental State Examination de Folstein é un test de screening de demencia.

2. No trastorno de conduta durante o sono REM, indique a resposta CORRECTA:

- A) Os B-bloqueantes adoitan ser eficaces no seu tratamento.
- B) Caracterízase por aumento da atonía muscular propia do sono REM, demostrable mediante polisomnografía.
- C) Adoita aparecer durante a primeira metade do sono, como o fai o sono REM fisiolóxico.
- D) Pode presentarse asociado a trastornos neurodexenerativos como a enfermidade de Parkinson ou a demencia por corpos de Lewy.

3. Todos os seguintes son síndromes mielodisplásicos, agás:

- A) Anemia refractaria simple.
- B) Anemia sideroblástica.
- C) Leucemia mielomonocítica crónica.
- D) Policitemia vera.

4. Dos seguintes aminoácidos, cales teñen un papel relevante na cicatrización de úlceras por presión?

- A) Metionina, leucina e serina.
- B) Glutamina, arxinina e cisteína.
- C) Isoleucina, lisina e histidina.
- D) Glicina, prolina e triptófano.

5. A fragilidade describiuse como unha síndrome biolóxica de envellecemento acelerado. Con respecto á etiopatoxenia da fragilidade, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Tense relacionado cun estado inflamatorio de baixo grao (inflam-aging).
- B) É posible que unha baixa expresión de xenes relacionados coa resposta ao estrés oxidativo poida xogar un papel importante.
- C) Hai datos que apoian a participación de alteracións na metilación do DNA.
- D) Tense relacionado co consumo de máis de 30 gramos de proteínas de alto valor enerxético en cada inxesta.

6. Entre os factores de risco para o desenvolvemento de Pneumonía adquirida na comunidade (NAC) en pacientes ancláns non se atopa:

- A) Obesidade.
- B) Malnutrición.
- C) Infección viral recente.
- D) Vivir só.

7. Paciente de 75 anos ingresada hai 24 horas por pancreatite aguda grave. Na analítica de sangue de control destaca: sodio 129 mEq/L, triglicéridos 1500 mg/dl, osmolaridade 285 (normal). Señale a opción INCORRECTA:
- A) A hipertrigliceridemia pode ter sido a causa da pancreatite e agora dunha pseudohiponatremia.
 - B) Trátase dunha síndrome de secreción inadecuada da hormona antidiurética pola dor e debe iniciarse restrición hídrica de inmediato.
 - C) A hiponatremia facticia do paciente é o resultado dun aumento do plasma debido á hipertrigliceridemia, manténdose en cantidade normal a auga do plasma.
 - D) A hiponatremia deste caso non precisa manexo específico.
8. En relación con la endocardite infecciosa e o ancián:
- A) A taxa de positividade dos hemocultivos é inferior nos paciente anciáns.
 - B) A maioría asociase a enfermidade valvular dexenerativa.
 - C) A ecografía transtorácica ten menor sensibilidade que no adulto mozo.
 - D) A febre e a leucocitose son menos frecuentes que en pacientes mozos.
9. Cal dos síntomas seguintes sería o máis plausible no Mieloma Múltiple:
- A) Alteración do estado mental.
 - B) Capacidade física elevada.
 - C) Aumento da capacidade de concentración.
 - D) Incremento da masa muscular.
10. Con respecto a Denosumab non é certo que:
- A) Reduce significativamente o risco de fracturas vertebrais, non vertebrais e de cadeira.
 - B) É moi frecuente a Osteonecrose mandibular en pacientes que reciben denosumab.
 - C) Tras a súa suspensión notificáronse casos de fracturas, algunhas múltiples.
 - D) Está indicado en mulleres posmenopáusicas e en varóns con risco elevado de fracturas.
11. En cal das seguintes situacións clínicas non se recomenda un cambio de opioide:
- A) Paciente con somnolencia persistente e alucinacións.
 - B) Estrinximento de difícil control.
 - C) Dor refractario (que non responde a doses moderadas–altas de opioide).
 - D) Cando non se pode asegurar un adecuado seguimento do paciente.
12. Sobre a nutrición enteral, que afirmación non é certa?
- A) Recoméndase utilizar presentacións que acheguen fibra.
 - B) A nutrición enteral por sonda xexunal evita o risco de aspiración.
 - C) En caso de malnutrición severa é preciso a perfusión continua con bomba.
 - D) A "síndrome de realimentación" asóciase a hipofosfatemia, hipomagnesemia e hipopotasemia.

13. Paciente de 80 anos portador de diabetes mellitus tipo 2 complicada con enfermidade renal crónica grao 3 (filtrado glomerular: 35 ml/min), a tratamento con metformina, insulina, enalapril, espironolactona, adiro e omeprazol. Analítica de sangue: creatinina 1.7 mg/dl, potasio 5.7 mEq/L, HbA1 c 7.5%, pH 7.32, HCO₃ 18. Sinale a opción CORRECTA:

- A) Retirar enalapril e espironolactona para evitar hiperpotasemia recorrente.
- B) Manter o tratamento actual pois as cifras de potasio actuais non se asociaron con efectos adversos significativos.
- C) Manter os inhibidores do sistema renina anxiotensina aldosterona para reducir a proteinuria e a evolución da enfermidade renal, e asociar quelantes de potasio
- D) É probable que o paciente presente un hipoaldosteronismo hiporreninémico con leve acidose metabólica que contraíndica o uso de inhibidores do sistema renina anxiotensina aldosterona.

14. Paciente de 77 anos que acode a Urgencias por malestar xeral, cefalea, mareo e somnolencia. Entre os seus antecedentes persoais figuran: hipertensión arterial, diabetes mellitus tipo 2, síndrome depresiva, insuficiencia cardíaca conxestiva e hipotiroidismo. Tratamento crónico: metformina, enalapril, furosemida, levotiroxina e recentemente ademais toma escitalopram. Exploración física: tensión arterial 130/40 mmHg, boa perfusión distal. Auscultación pulmonar: murmurio vesicular conservado. Abdome: non ascite. Extremidades: non edemas. Analítica de sangue: sodio 120 mEq/L, glicosa 250 mg/dl, creatinina 0.9 mg/dl, potasio 3.1 mEq/L, acedo úrico 1 mg/dl, osmolaridade 275 mosm/L (baixa). Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Trátase dun cadro de hiponatremia sintomática hipoosmolar euvolémica causada por diuréticos de asa.
- B) Aínda que debe descartarse un trastorno tiroideo e suprarrenal, o cadro orienta a unha síndrome de secreción inadecuada de hormona antidiurética causado por inhibidor selectivo da recaptación de serotonina.
- C) Non se pode clasificar o cadro actual de hiponatremia sen coñecer o sodio urinario.
- D) A osmolaridade urinaria neste paciente posiblemente fose menor de 100 mosm/L.

15. Unha das seguintes afirmacións é verdadeira:

- A) A asociación de ibuprofeno 400 mg cada 8 horas con prednisona 16 mg ao día incrementa o beneficio analxésico antiinflamatorio sen elevar substancialmente o risco de hemorraxia dixestiva alta.
- B) Os opioides de terceiro chanzo analxésico non son tóxicos en presenza de insuficiencia renal con filtrado glomerular inferior a 30 ml/h.
- C) En pacientes con alteracións emocionais en tratamento con IRSS, o consumo de 150 mg/día de tramadol pode desencadear un cadro de diaforese, hipertensión e febre.
- D) A asociación de 30 mg ao día de morfina de liberación sostida + 10 mg ao día de óxicodona de liberación sostida aumenta substancialmente a eficacia analxésica (superior ao 75%) respecto a morfina 40 mg ao día no tratamento da dor neuropático.

16. No/a paciente xerlátrico/a hospitalizado/a, cal é a principal causa de "Síndrome de desacondicionamento"?

- A) Patoloxía respiratoria.
- B) Patoloxía reumatolóxica.
- C) Encamamento prolongado.
- D) Trastorno adaptativo.

17. No tratamento da enfermidade de Parkinson de inicio tardío, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) O tratamento con levodopa debe ser a terapia de inicio para o manexo dos síntomas motores.
- B) O uso de agonistas dopaminérxicos adoita reservarse para pacientes menores de 65 anos.
- C) Prefírese o uso de doses fraccionadas de levodopa fronte ás fórmulas retard, por un perfil de absorción máis favorable.
- D) Debe asociarse de inicio levodopa cun inhibidor da Catecol-O-metiltransfera (COMT) para evitar as fluctuacións motoras, especialmente frecuentes no ancián.

18. Atópase perante un paciente de 80 anos portador de enfermidade renal crónica grao 4 (creatinina basal ao redor de 2 mg/dl) ingresado agora por Insuficiencia cardíaca con fracción de exacción do ventrículo esquerdo do 35%. Exploración física: TA 130/60; taquipneico en repouso sen tiraxe; ingurxitación xugular plena a 45 graos; auscultación pulmonar: crepitantes en ambas as bases pulmonares; edemas con fóvea en extremidades inferiores ata raíz de coxas. Probas complementarias: Radiografía de tórax: infiltrado algodonoide de predominio perihiliar e derrame pleural bilateral; Análítica de sangue: creatinina 2.5 mg/dl. Sinala a opción CORRECTA:

- A) Iniciar inmediatamente soro fisiolóxico para aumentar o gasto cardíaco mediante o mecanismo de Frank-Starling e protexer así o ril.
- B) Iniciar soro glicosalino e diuréticos de asa para favorecer o mecanismo de Frank-Starling pero sen aumentar a precarga evitando así empeorar a semioloxía conxestiva.
- C) Iniciar diuréticos de asa a doses altas para diminuír a conxestión venosa retrógrada favorecendo a recuperación do filtrado glomerular e a semioloxía conxestiva.
- D) Iniciar inmediatamente soporte con amins endovenosas.

19. Cal das seguintes afirmacións acerca dos métodos diagnósticos da tuberculose é INCORRECTA?:

- A) A Rx de tórax é o método máis sensible para a detección da tuberculose pulmonar.
- B) O cultivo en medio de Löwenstein-Jensen dá o diagnóstico de certeza da enfermidade.
- C) O exame microscópico directo (baciloscopia) ten unha maior sensibilidade que o cultivo e permite obter con rapidez un diagnóstico de probabilidade.
- D) O antibiograma é imprescindible en pacientes que foron tratados previamente ou nos que se sospeiten resistencias.

20. Que condición fisiolóxica aumenta a predisposición ao síncope no ancián?

- A) Aumento da actividade da renina e a aldosterona.
- B) Sensibilidade baroreflexa diminuída con aumento de noradrenalina en sangue.
- C) Diminución do péptido natriurético.
- D) Aumento do volume sanguíneo.

21. Cal das seguintes patoloxías non é un factor de risco de tromboembolia pulmonar?

- A) Osteoporose.
- B) EPOC.
- C) Síndrome nefrótica.
- D) Infección por SARS-CoV-2.

22. Acode á súa consulta un paciente de 85 anos, portador de demencia dexenerativa tipo Enfermidade de Alzheimer (GDS:5), anticoagulado cun ACOD por fibrilación auricular permanente e cunha diabetes mellitus tipo 2 en tratamento desde hai aproximadamente 12 anos. Na última semana é incapaz de manter a bipedestación por perda de forza en ambas as extremidades inferiores (EEII) e dor lumbar intensa por mor dunha caída no seu domicilio. Na exploración física destaca unha paresia 3/5 bilateral en ambas as EEII, que ademais presentan aumento do ton e reflexos osteotendinosos exaltados e babinski bilateral. Sinala a resposta **CORRECTA**:

- A) Trátase do declinar funcional normal na enfermidade de Alzheimer, agora acelerada pola dor depois da caída.
- B) Ao ser un paciente diabético de longo tempo de evolución, o máis probable é que se trate dunha polineuropatía diabética motora.
- C) Trátase dun claro cadro extrapiramidal e en realidade o paciente padece unha demencia por corpos de Lewy.
- D) Hai que derivar ao paciente para a realización dun estudo con resonancia magnética medular ao tratarse dun cadro piramidal agudo.

23. Na depresión do ancián sinala a resposta **INCORRECTA**:

- A) A terapia electroconvulsiva logra taxas de resposta de ata o 60%.
- B) A terapia electroconvulsiva ten múltiples contraindicacións absolutas e o seu uso está moi limitado na práctica clínica actual.
- C) A terapia electroconvulsiva se reserva para casos graves ou resistentes.
- D) A terapia electroconvulsiva podería considerarse como a primeira opción de tratamento en casos de depresión con alto risco de suicidio ou grave deterioración clínica secundaria.

24. Nun control analítico rutineiro dun paciente de 80 anos asintomático con cardiopatía isquémica crónica estable, obxectívase unha TSH ultrasensible de 10 mUI/l (normal 0.55–4.78) e unha T4 libre normal. ¿Habería que iniciar tratamento substitutivo con Levotiroxina sódica?

- A) Non, o hipotiroidismo subclínico non se trata en ningún caso.
- B) Non, pero hai que revalorar con control analítico en 6–12 meses ou en caso de sintomatoloxía.
- C) Sí, hai que tratar con Levotiroxina en pauta graduada por risco de hipotiroidismo clínico.
- D) Sí, hai que tratar con Levotiroxina por risco de insuficiencia cardíaca, pero a dose baixa.

25. Paciente de 86 anos derivado desde atención primaria por caídas de repetición. Na súa consulta o paciente móstrase chamativamente bradicinético e cunha notable inestabilidade postural con marcha a pasos curtos. Sinala a opción **INCORRECTA**:

- A) O paciente cumpre os criterios diagnósticos máis usados para o diagnóstico da enfermidade de Parkinson (UK Parkinson´s Disease Society Brain Bank).
- B) A ausencia de tremor e rixidez permiten descartar o diagnóstico de parkinsonismo.
- C) A inestabilidade postural pode ser unha manifestación inicial na enfermidade de Parkinson de inicio no ancián.
- D) A inestabilidade postural en suxeitos novos obriga a descartar outro tipo de parkinsonismo coa parálise supranuclear progresiva.

26. Paciente de 85 anos ingresado por episodio de insuficiencia cardíaca congestiva precipitada por pneumonía comunitaria. Antecedentes persoais: diabetes Mellitus tipo (HbA1c 8%); hipertensión arterial de difícil control, EPOC e cardiopatía hipertensiva con fracción de exacción do ventrículo esquerdo preservada. Exploración física: TA 90/60 mmHg; Sat. O2: 89%. Analítica: creatinina 1.8 mg/dl (filtrado glomerular 20 ml/min), PO2 58. Tratamento actual: metformina, linagliptina, empaglifozina, furosemda, losartán, amoxicilina/clavulánico. **Sinale a resposta INCORRECTA:**

- A) Estaría indicado a retirada de metformina polo risco de acidose láctica.
- B) Se a inxesta é axeitada, unha pauta de insulina basal, prandial e un compoñente corrector sería a mellor opción de tratamento antidiabético.
- C) Podería manterse a linagliptina para diminuír a necesidade de insulina.
- D) Debe manterse a empaglifozina polos seus probados efectos cardiorrenais e a ausencia de riscos significativos durante procesos graves intercorrentes como o actual.

27. **Cal das alteracións fisiolóxicas afecta a unha cantidade maior de pacientes anciáns en relación a pacientes máis novos, con respecto á prescrición de fármacos:**

- A) Aumento na absorción gastrointestinal de fármacos.
- B) Volume de distribución elevado para fármacos liposolubles.
- C) Intensificación na taxa de metabolismo hepático fase II dos fármacos.
- D) Incremento na filtración glomerular renal.

28. **No tratamento con fármacos antitiroideos, hai que considerar que a principal complicación grave, aínda que pouco frecuente, é a seguinte:**

- A) Insuficiencia renal aguda.
- B) Compresión traqueal por bocio.
- C) Agranulocitose.
- D) Vasculite.

29. **Un dos seguintes non é un factor de risco para complicacións pulmonares perioperatorias. Cal?**

- A) Transfusión no perioperatorio.
- B) Compromiso cognitivo.
- C) Dependencia funcional.
- D) Obesidade.

30. **Acóde á nosa consulta paciente de 78 anos quen refire cansazo desde hai 6 meses. Na exploración destaca palidez e frecuencia cardíaca 110 l. p.m. Solicítase analítica que mostra Hemoglobina 9,2 mg/ dl, VCM 80, sideremia baixa, transferrina baixa e ferritina sérica alta, cal das seguintes opcións é máis compatible co cadro que presenta o paciente?:**

- A) Anemia ferropénica.
- B) Anemia de trastornos crónicos.
- C) Anemia sideroblástica.
- D) Talasemia menor.

31. Todas as seguintes afirmacións sobre a anemia microanxiofática son certas, AGÁS:

- A) Hai presenza de esquistocitos en sangue periférica.
- B) Hai presenza de esferocitos en sangue periférica.
- C) Diminución do número de plaquetas.
- D) Diminución da cifra de reticulocitos.

32. Paciente de 83 anos portador de HTA lixeira controlada cun fármaco, que vive coa súa esposa no seu domicilio sen discapacidade (Barthel 100, Lawton 4 –nunca realizou tarefas no fogar), que ten un índice de masa corporal de 25, que non presenta deterioración cognitiva nin alteración afectiva significativos (MEC 31; Yesavage 2) e ao que se lle acaba de diagnosticar de estenose valvular aórtica severa. O seu cardiólogo está a valorar a posibilidade dun tratamento intervencionista e consúltanos acerca da fragilidade do paciente.

Respecto da mesma, sinale a resposta INCORRECTA:

- A) A pesar de ser un paciente sen discapacidade e sen comorbilidade significativa, podería ter unha fragilidade física que condicionase os resultados do intervencionismo cardíaco.
- B) Os índices de fragilidade serían máis axeitados que o fenotipo de Fried para este paciente.
- C) O fenotipo de fragilidade de Fried segue sendo o instrumento máis usado e máis referenciado na bibliografía para a valoración da fragilidade como estado de prediscapacidade.
- D) Unha correcta valoración xeriátrica integral debe incluír a valoración das grandes síndromes xeriátricas, entre eles a fragilidade.

33. A pesar de que a administración da terapia a través dun catéter por vía subcutánea é unha opción eficaz e segura, existen contraindicacións absolutas para a súa utilización excepto:

- A) Negativa do paciente.
- B) Anasarca.
- C) Caquexia importante.
- D) Claudicación familiar.

34. Respecto ao uso de estatinas en pacientes maiores, que afirmación é incorrecta?

- A) En persoas maiores de 75 anos non está claro o seu papel en prevención primaria.
- B) Os estudos STAREE e SITE analizan especificamente o efecto de estatinas en prevención primaria en persoas maiores.
- C) Está demostrada a relación entre estatinas e síndrome de caídas.
- D) Os criterios STOPP/Frail/ Pal recomendan a retirada de estatinas na fase final de vida.

35. Respecto ao uso de Amiodarona e os seus posibles efectos adversos sobre a función tiroidea, que afirmación é incorrecta?

- A) Pode agravar un hipertiroidismo.
- B) Pode agravar un hipotiroidismo.
- C) Unha situación eutiroidea previa ao tratamento non descarta unha posible disfunción secundaria.
- D) Os posibles efectos adversos non son relevantes pola súa curta vida media.

36. Aqueles anciáns que non responden ao tratamento, non presentan repercusión visceral da HTA e mostran síntomas de hipotensión, debe sospeitarse:


- A) Hipotension postural.
- B) Seudohipertensión.
- C) HTA de bata branca.
- D) Hipertensión arterial.

37. Cal dos pacientes con insuficiencia cardíaca que vostede segue como xeriatra é o mais indicado para a implantación dun cardioversor- desfibrilador?

- A) Muller de 68 anos con síntomas leves, actividade normal e FE do 40%.
- B) Varón de 72 anos con síntomas leves, actividade normal, FE do 25% e cancro de páncreas en estadio terminal.
- C) Muller de 78 anos con síntomas leves, actividade normal, FE do 30% e antecedentes de hipotiroidismo.
- D) Muller de 78 anos con síntomas graves en repouso, tratamento optimo e FE do 25%.

38. Paciente de 88 anos portador de estenose valvular cardíaca aórtica severa, enfermidade renal crónica e anemia ferropénica crónica por sangrado dixestivo oculto (gastroscoopia e colonoscopia sen achados). Acode a consulta por insomnio e sensación de malestar nas pernas de predominio vespertino asociada a necesidade imperiosa de movelas. Sinale a opción INCORRECTA:

- A) Trátase dunha síndrome de pernas inquietas e a ferropenia pode ser a causante.
- B) A suplementación con ferro podería reverter ou mellorar o cadro.
- C) A enfermidade renal crónica podería estar na orixe das molestias.
- D) Trátase dun cadro de ansiedade e o tratamento de elección serían as benzodiazepinas.



39. Paciente de 87 anos con Barthel 100 e sen deterioración cognitiva, que acode a urxencias por dor torácica anterior de instauración súbita. Como antecedentes é hipertenso en tratamento. O seu PA é 170/100. Ante o seguinte electrocardiograma, cal sería a súa actitude?

- A) Medidas paliativas con morfina debido á súa elevada idade.
- B) Solinitrina intravenosa, ácido acetilsalicílico e clopidogrel ao tratarse dun SCASEST.
- C) Anxioplastia primaria ao tratarse dun SCACEST.
- D) Cafinitrina sublingual e, se non cede a dor, outra en 5 minutos.

40. Na arterite de células xigantes, cal das seguintes é unha posible complicación grave, se non se instaura un tratamento urxente?

- A) Cefalea refractaria.
- B) Luxación mandibular.
- C) Cegueira.
- D) Demencia.

41. En relación ao tratamento fibrinolítico no ictus isquémico agudo, que afirmación é incorrecta?

- A) A idade superior a 85 anos é un criterio de exclusión.
- B) O grao de dependencia basal valórase como posible criterio de exclusión.
- C) Un traumatismo cranioencefálico leve recente non é unha contraindicación.
- D) A descompensación diabética hiperosmolar é unha contraindicación.

42. A fragilidade pode ser entendida como unha síndrome clínica derivada da diminución da reserva funcional de diferentes órganos e sistemas, que pon ao individuo en risco de discapacidade incidente. Entendendo entón a fragilidade como un estado de prediscapacidade, sinale a opción CORRECTA:

- A) Os índices de fragilidade poden conter ítems de discapacidade e polo tanto non serían axeitados para a súa valoración.
- B) O fenotipo de fragilidade de Fried identifica a suxeitos con discapacidade prevalente.
- C) Os índices de fragilidade e o fenotipo de Fried supoñen as dúas formas fundamentais de medir a fragilidade como estado de prediscapacidade.
- D) Detectar a fragilidade como un estado de prediscapacidade podería identificar a suxeitos aparentemente sans (sen discapacidade nin comorbilidade significativa) que en realidade están en situación de sufrir eventos adversos serios.

43. Ante a sospeita de osteomielite vertebral nun paciente de 80 anos, cal das seguintes técnicas diagnósticas é a de elección?:

- A) Radiografía simple proxección lateral.
- B) Radiografía simple posteroanterior.
- C) RNM.
- D) TAC.

44. Respecto ao tratamento actual da arterite de células xigantes (ACG) e da polimialxia reumática (PMR), que afirmación é incorrecta?

- A) Adoita ser suficiente unha dose de inicio de Prednisona de 0.5mg/Kg ao día na ACG e de 15mg ao día na PMR.
- B) O uso adxuvante de Metotrexato está contraindicado en pacientes maiores, pola súa elevada toxicidade.
- C) O uso dun inhibidor da Interleukina-6 é unha opción terapéutica e a idade non é un criterio de exclusión.
- D) O Tocilizumab está contraindicado en pacientes con diverticulite, herpes zóster ou neoplasia.

45. Na valoración urxente do/da paciente con dispnea aguda, cal dos seguintes datos clínicos non orienta cara unha diagnose de sospeita de tromboembolia pulmonar?

- A) Síncope.
- B) Bloqueo agudo de rama dereita.
- C) Insuficiencia respiratoria global.
- D) Hemoptise.

46. A que déficit vitamínico asóciase con frecuencia o tratamento crónico con fármacos anticomiciais?

- A) Vitamina A.
- B) Vitamina B6.
- C) Vitamina D.
- D) Vitamina E.

47. Na disfaxia neuróxena secundaria a ictus isquémico agudo, que afirmación é incorrecta?

- A) O cambio de voz, tras a inxesta, é un posible síntoma.
- B) É preciso realizar un test de cribado antes de iniciar a tolerancia oral.
- C) O "test da auga" a pé de cama non debe realizarse polo alto risco de aspiración
- D) A videofluoroscopia e a fibroendoscopia son estudos complementarios.

48. En canto á endarterectomía carotídea en persoas maiores con estenose significativa asintomática, que afirmación é correcta?

- A) Non existe suficiente experiencia en maiores de 80 anos.
- B) Só se realiza se non é posible a colocación dun "stent".
- C) Considérase aceptable unha taxa de complicacións (ictus/exitus) inferior a 15%.
- D) É conveniente a valoración preoperatoria de posible cardiopatía isquémica.

49. Ante un/ha paciente con síndrome de inmovilidade agudo ou subagudo, que intervención é prioritaria para un pronóstico funcional favorable?

- A) Valoración da reserva funcional residual.
- B) Achea nutricional adecuada.
- C) Diagnose etiolóxica e tratamento.
- D) Tratamento rehabilitador precoz.

50. Unha muller de 71 anos visita ao Xeriatra por dor torácica co esforzo desde hai pouco tempo, desde que comezou unhas clases de baile, sen embargo ela di que sobe un piso de escaleiras sen dificultade. Ao exame físico presenta un sopro de exacción mesosistólico, mellor auscultado sobre o segundo espazo intercostal dereito, con irradiación cara ao lado dereito do pescozo. Cal dos items seguintes estaría contraindicado no plan de valoración desta paciente?

- A) Ergometria en cinta.
- B) Ecocardiograma.
- C) Anxiografía coronaria percutánea.
- D) Test de estrés con sestamibi.

51. Muller de 78 anos que acode á consulta por presentar dor nas articulacións interfalánxicas distais que empeora coa actividade e mellora co repouso. Á exploración presenta dor á palpación e aumento de temperatura sobre as articulacións afectadas así como prominencias óseas en ditas articulacións, cal dos seguintes tratamentos Non estaría indicado?:

- A) Corticoides sistémicos en pauta de días alternos.
- B) Calor local antes do uso das articulacións.
- C) AINES á menor dose e tempo posible.
- D) Exercicios isométricos dos músculos periarticulares.

52. Na depresión do ancián teñen indicación os seguintes grupos terapéuticos excepto un; SINÁLEO:

- A) Inhibidores selectivos da recaptación de serotonina.
- B) Os ligandos da subunidade alfa₂-delta, da canle de calcio voltaxe-dependente.
- C) Neurolépticos.
- D) Corticoides, que actuarían favorecendo a síntese do factor neurotrófico derivado do cerebro (BDNF).

53. A proba da mesa basculante ou de inclinación (till test) está indicada como apoio ao diagnóstico de:

- A) Síncopes vasovagais.
- B) Síncopes con sospeita de enfermidade estrutural cardíaca.
- C) Síncopes situacionais.
- D) Hipotensión post-prandial.

54. Paciente de 77 anos ingresado por diarrea a estudo, con criterios de malabsorción con esteatorrea. Á súa chegada a Urgencias afecta ademais dispnea de esforzo e presentaba un NT-proBNP de 1500 e se iniciou tratamento con soro fisiolóxico e furosemida. Ás 72 horas da súa chegada a planta, avísalle porque ao tomarlle a tensión arterial, a man flexiónase contra o antebrazo. Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) Debe solicitarse de inmediato unha gasometría e valorar o calcio iónico.
- B) Trátase dunha situación de urxencia que, de non corrrixirse, pode desencadear un cadro de tetania e mesmo a morte.
- C) Trátase dun cadro de tétano adquirido por vía dixestiva, de aí a diarrea.
